

COMUNICADO Nº2

1º TROFEO MEMORIAL GILILLO PEREZ

A Escudería Congostra Team Sanxenxo e a empresa JP Selection Cars, organizan o ***1º Trofeo Memorial Gilillo Perez*** destinado a todos os equipos con vehículos tracción traseira.

Todo equipo participante interesado en inscribirse debera mandar un mail a inforallyedepontevedra@gmail.com e portar unha pegatina como a que se mostra a continuación e que **se ubicará no capo do vehículo**, no lado contrario a placa do rallye.

Os tres primeiros clasificados ademais de un trofeo para cada integrante do equipo optarán os seguintes premios:

1º Clasificado: 300€

2º Clasificado: 200€

3º Clasificado: 100€





2ª TROFEO PONTEVEDRA 1984 – CONGOSTRA TEAM SANXENXO.

As Escuderías Pontevedra 1984 Team e Congostra Team Sanxenxo, ao igual que na derradeira edición, organizan o * **2º TROFEO PONTEVEDRA 1984 – CONGOSTRA TEAM SANXENXO** * para todos os equipos das dúas escuderías participantes no VI RALLYE DE PONTEVEDRA.

A clasificación de este trofeo, obterase a partir da clasificación final do VI RALLYE DE PONTEVEDRA, resultando premiados os 10 PRIMEIROS EQUIPOS clasificados de entre ambas dúas escuderías.

Os trofeos serán entregados a PILOTO e COPILOTO durante a entrega de premios do VI RALLYE DE PONTEVEDRA, sendo obrigatoria a súa asistencia a mesma. Ademais os 3 primeiros clasificados poderán desfrutar dun pack especial de produtos de Kalekoi.



Kalekói

TROFEOS COPAS DE PROMOCIÓN E AGRUPACIÓNS.

A empresa Pradocar e Congostra Team Sanxenxo queren informar os equipos participantes no VI RALLYE DE PONTEVEDRA, que durante a entrega de premios final que se celebrará na Rúa Rafael Picó de Portonovo, se entregarán trofeos a piloto e copiloto de cada un dos 3 primeiros equipos clasificados de cada copa de promoción e agrupación que puntuen na proba.

- Super Campionato R5 Pirelli-Recalvi (1º, 2º e 3º, Piloto e Copiloto)
- Copa Top Ten Pirelli-Driver-Autia B (1º, 2º e 3º, Piloto e Copiloto)
- Copa Top Ten Pirelli-Driver-Autia C (1º, 2º e 3º, Piloto e Copiloto)
- Copa Pirelli AMF Motorsport (1º, 2º e 3º, Piloto e Copiloto)
- Agrupacións 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 (1º, 2º e 3º, Piloto e Copiloto)

Para recibir os trofeos, é obrigatoria a asistencia de piloto e copiloto a entrega de premios.



O COMITÉ ORGANIZADOR

Sanxenxo, 14 de Maio de 2024 sendo as 16.00 horas.

